



# A fundación da capela da Nosa Señora sobre o recinto roda de Castrotión

Damián Porto Rico

damian.portorico@hotmail.com

**Resumo.** O testamento de Bertomeu Reimóndez Figueiroa, datado en 1579, vén poñer un contexto histórico ás escavacións realizadas xa fai case medio século na ermida e círculo lítico de Castrotión, na parroquia de Santo Estevo de Oca. Complementamos o rexistro arqueolóxico manifestado nas escavacións da década dos oitenta do século pasado cun rexistro documental do fundador da capela de Nosa Señora de Quiñóns.

**Abstract.** The will of Bertomeu Reimóndez Figueiroa, dated 1579, provides a historical context for the excavations conducted nearly half a century ago at the hermitage and lithic circle of Castrotión, in the parish of Santo Estevo de Oca. The archaeological record revealed in the excavations of the 1980s is here supplemented with a documentary register of the founder of the chapel of Nosa Señora de Quiñóns.

*Cando se agarda a resurrección dos mortos,  
a xeografía do outro mundo non é un asunto secundario.*

Jacques Le Goff. *O nacemento do Purgatorio*

## Memoria de pedras perdidas

Vai facer case medio século que uns «entusiastas da arqueoloxía» (utilizando palabras deles mesmos) realizaron un dos primeiros –senón o primeiro– (e insuficientes) traballos de escavación con criterios e métodos modernos que se efectuou nas terras da Estrada: nos domingos entre outubro e febreiro de 1981 e 1982 levaron a termo a intervención na capela e círculo lítico de Castrotión<sup>1</sup>, na parroquia de Santo Estevo de Oca:

la pequeña capilla de Nosa Señora de Castrotión y el círculo lítico que la rodea se encuentran situados en el lugar de Castrotión-Oca en una ladera del castro homónimo [...], un mirador espléndido, la capilla, el círculo lítico, el castro y todo el caserío de Castrotión con sus antiguos hórreos, la casona hidalga, la an-

<sup>1</sup> A día de hoxe entre os veciños, lugar de Castación, posiblemente por deturpación do topónimo.



Aspecto da escavación en 1982. Fotografía: Juan A. Fernández Castro.

tigua fuente de Quiñones... todo un conjunto digno de recuperar e integrarlo dignamente en su entorno privilegiado.<sup>2</sup>

Actualmente o monte chámase monte da Capela ou monte da Sociedade, posto que existiu cerca un edificio da sociedade gandeira.


O estado do xacemento non era o mellor: en palabras do mesmo autor da memoria daquela intervención,

la capilla, o mejor dicho su planta, yacía bajo los escombros tanto de su propio derrumbe como de aquellos que durante años los vecinos fueron depositando en aquel lugar, por otra parte selvático y abandonado.

Contouse ca tradicional e incondicional colaboración veciñal para os traballos e mesmo ca doazón de 350 m<sup>2</sup> de terreo de monte común para a contorna da capela.

Os labores comprenderon o desentullo, reconstrucción e consolidación da planta da capela e círculo lítico, a escavación dos sepulcros con restitución das dúas lápidas ao seu probable emprazamento

<sup>2</sup> Fernández Castro, J. A. «La capilla y el círculo lítico de Castrotión-Oca». En *El Museo de Pontevedra* xxxvi, 1982. Páxs. 373-389.



Reconstrucción ideal da capela de Castrotiñón. Debuxo orixinal: Antonio Castro.

orixinal, o derrubo dun cobertizo contigo, a eliminación dun camiño, a plantación de árbores... .

Constatouse que a capela foi un edificio con nave de 12,5 por 6 metros e ábsida rectangular de 4,9 por 4,6 e con chan orixinalmente enlousado baixo o que foron sepultados o fundador e outra persoa: só unha das dúas lápidas atopadas tiña inscripción: [A]QUI + IAZ + VERTOLAME REIMO[NDEZ] + FUNDADOR. Sen data.



Recinto roda do Prado das Chantas. O Valadouro.

Os achados prehistóricos, cerámicos e pétreos, apuntan á orixe neolítica do enclave (Bouza Brei xa contemplaba a posibilidade da construcción da capela sobre un monumento megalítico); parece obvio que estamos ante un de tantos casos de cristianización dun lugar de culto primitivo. Apareceron tamén sesenta fragmentos óseos, que foron descritos por Manuel Reimóndez Portela.

Non podemos deixar fóra destas liñas o círculo lítico ou recinto roda no que está inscrita a capela, aínda que fagamos un exercicio –livián– de intrusismo no eido da arqueoloxía. Malia que desde os primeiros achados deste tipo de xacementos na nosa terra –xa entrado o século XXI– se pretendía ver neles a manifestación dunha conexión atlántica na Idade do Bronce, escavacións recentes poñen en dúbida esta hipótese: a similitude con estruturas coma os *henge* británicos parece unicamente formal, podendo ser os recintos roda galegos máis modernos.<sup>3</sup> Temos exemplos diversos deles na provincia de Lugo como o monumental da Roda no concello de Barreiros (atopado en 2006 con motivo das obras da autovía do Cantábrico), o de Coeses, o Prado das Chantas no Valadouro (do que se conservan máis de 200 pedras), os das Pedragosas... E, xa fóra da provincia de Lugo, nas Pontes, estiveron os desaparecidos da Mourela: os dous dese nome barbaramente destruídos para facer con eles parte do firme dunha estrada en 2002!

Mais foi a recente campaña de escavación –parcial– de 2022 nos Castrulllos (Parada do Sil, Ourense) a que revelou a singularidade destes enclaves e a súa novedosa tipoloxía arqueolóxica: mercé á estratigrafía e ás datacións por radiocarbono definíronse as datas de erguemento na Idade do Bronce tardío (1402-1255 a. C.) e dúas máis de uso (entre o 1007 e o 170 a. C.) que chegarían á Idade do Ferro, o que nos sitúa nunha cronoloxía ben alonxada desa mencionada e suposta conexión atlántica. Trataríase dunha caste novedosa de xacementos nunca antes identificados na península Ibérica.

Milleiros de páxinas tentaron achegarse ás funcións destas construcións circulares: teorías diversas oscilan entre utilidades sociais, relixiosas, funerarias, astronómicas, predición dos ciclos naturais e

<sup>3</sup> Como exemplo monumental de *henge* teríamos o tan misterioso como coñecido Stonehenge, en Wiltshire, Inglaterra.


Lápida de Bertomeu Reimóndez.  
Debuxo orixinal: Juan A. Fernández Castro

as estacións... . Contra interpretacións únivas e tendo en conta o seu longo período de uso, a presenza de estruturas funerarias e de cerámica doméstica, o equipo investigador que estudou o xacemento dos Castrullos propón a hipótese dos recintos roda como espazos multifuncionais; mesmo como lugares de encontro social e político a grande escala entre comunidades alonxadas.<sup>4</sup>

Quen sabe se neste (des)coñecemento puidera radicar a xénesis dalgunhas das lendas que conflúen nos castros, mámoas e capelas do noso país e que tentan encher o baleiro da ignorancia conferindo sucesivos significados, a cotío relixiosos, a un lugar.<sup>5</sup> En todo caso queda patente que o monumento, aínda que en desuso como espazo activo, permaneceu na memoria colectiva e da paisaxe durante séculos.

O recinto roda de Castrotián conservouse incompleto: en realidade trátase dunha elipse de 23 por 14 metros, na que se levaría a efecto a cristianización dun «enclave pagán» anterior.<sup>6</sup>

Até aquí os datos achegados polo rexistro arqueolóxico. Nós, fóra do ámbito das elucubracións ás que son propensos os estudos



4 Prieto Martínez, M. P., Nieto Muñiz, E. B., Cordeiro Maañón, L., e Castro González, M. G. «Buried by time. Os Castrullos as a paradigmatic example of roda type sites in Galicia (NW Spain)». En *Studia Hercynia* 2025.1.2. doi.org/10.14712/23368144.2025.1.2

5 Unha destas lendas refire que no interior da ermida estaba soterrado un *corpo santo*. Nunha das tumbas apareceu un amuleto ou figura de acibeche que foi entregado por unha persoa que participara na apertura das sepulturas; entre os veciños era coñecido como *a man do santo* e contaba con gran consideración entre a familia que o custodiaba. En palabras de Fernández Castro «es de suponer que el fundador de la capilla portara en vida este signo profiláctico especialmente usado contra *o mal de ojo*, y que finalmente lo acompañase hasta la tumba».

6 Xa o contemplaba así F. Bouza Brei, que a coñeceu antes do seu derrube: «Castros de la comarca de la Estrada». En *Cuadernos de Estudios Gallegos*, T. I, fasc. 1, 1944. Páx.10.

sobre civilizacións anteriores á cultura escrita, centrarémonos nas seguintes páxinas no rexistro histórico, posto que contamos con documentación suficiente para respostar as incógnitas da autoría e funcións da capela construída sobre o emprazamento prehistórico. Cómpre suliñar que, no momento da escavación, referían os veciños a consideración dos seus antergos de que alí se atopaba soterrado un *home santo*; mesmo se tería chegado na época contemporánea a unha re-paganización do enclave, con ritos relacionados cun bo parto que se desenvolvían no solo da capela e/ou con concorrencia de terra recollida da mesma. Que idolatría, medo ou crenza atávica levou aos habitantes a supoñer que unha enerxía telúrica naquel lugar rexía o seu devir?

Resulta obvio que a relixión –e a relixiosidade– proporciona alivio emocional, máis valorado en momentos adversos da existencia e durante continxencias sobre as que non temos aparente control. E que require a presenza dunha paisaxe planificada ou unha referencia no territorio.

Poderíamos asociar a creación do círculo e/ou da capela ca presenza da fonte de Quiñóns, moi próxima ao lugar, e co carácter purificador da auga para case todas as culturas e crenzas: desde o Corán –cando proclama que todo se creou a partir da auga– até Buda –ca *sutra* do loto<sup>7</sup> pasando polas nosas galaicas divinidades fluviais Navia ou Tameobrigus e recalando no *De Baptismo* de Tertuliano. Ritos e costumes que perviven aínda: a contrución de igrexa e capela en Santa María de Loimil xunto ao manancial de augas de Nosa Señora da Saleta evoca as recomendacións de Gregorio I encarreiradas a que as fontes que veneraban as poboacións rurais desde a Antigüidade recibiran nomes de santos e se edificasen capelas e igrexas xunto a elas.<sup>8</sup> A cerimonia de fecundidade relativa ás ondas da Lanzada ou a máis recente xénese do santuario de Nosa Señora dos Milagres de Amil son exemplos vivos na actualidade da relevancia universal da auga en rituais relixiosos:

<sup>7</sup> É interesante ao respecto Eliade, M. *Lo sagrado y lo profano*. Ed. Paidós Ibérica S. A., 2014. Ou, do mesmo autor, *Tratado de historia de las religiones*. Biblioteca Era, 1972.

<sup>8</sup> Sanz, Florencio. *El agua de La Saleta. Opúsculo sobre curaciones y conversiones prodigiosas invocando a Ntra. Sra. de La Saleta y haciendo uso del agua de su fuente*. Imprenta y librería de D. Eusebio Aguado, 1864.

Noticias del principio de este Santuario y erección de su Capilla. Sebastián de Castro, vecino del lugar de Roza Vella, de esta recordada parroquia, corto labrador, y de profesión arriero, viéndose necesitado de agua para el surtido de su Casa y recua que tenía para su giro y gobierno, y que con mucha dificultad se podía aprovechar de la de un riachuelo que no muy distante de su casa corría, pero lo hacía muy dificultoso una cuesta ardua que mediaba, se determinó a pedir el remedio de su necesidad al Señor, que las puede remediar por medio e intercesión de la Soberana Reina, Madre de Dios; y pidiendo y trabajando para este fin, a inmediación de su casa saltó un caño de agua, con tanta abundancia, que no sólo era capaz de abundar para su surtido y de la recua, sino que también alcanzaba para moler un molino que allí formó, aunque ahora no existe, mas sí el caño de agua, sobre el que, formada de piedra, puso una imagen con el título de Madre de Dios de los Milagros, y un rótulo a los pies de la imagen que dice = año de mil setecientos setenta y ocho, que fue el en que se verificó aquel suceso. Y como inmediatamente se promulgase y aprendiese milagroso, dieron en concurrir gentes, no sólo de la inmediación, sino también de distancia de más de seis leguas, trayendo y dando, según su devoción les dictaba, limosna para la fábrica de una capilla, en que con decencia recibiese los votos y fuese venerada la Soberana Reina; y advirtiendo esto el cura que entonces era don Antonio Manuel de Brea, y el abuso que podría hacer de aquella limosna como rústico el Sebastián, echó mano de su administración, y tiempo andando, por la ineptitud de aquel sitio, determinó y eligió para la fábrica de la capilla otro donde hoy se encuentra, y llama lugar da Chan; en éste, y previa la licencia del Señor Arzobispo o Provisor, trabajando antes una fuente que hoy se ve salir de debajo de ella [...] colocó aquella imagen.<sup>9</sup>

Está claro que da hidroloxía dependen o espazo físico, a edafoloxía, o relevo, a organización agraria, o hábitat e o desenvolvemento das diferentes culturas –materiais e espirituais–. Os exemplos serían excesivos, malia que non podemos menos que citar en San Vicenzo de –precisamente– Augas Santas as propiedades atribuídas aínda en 1791 á auga que xurdía do lugar no que se erguera a igrexa parroquial:

Dentro de esta iglesia parroquial y en la pared del vendaval de la nave de ella se halla una fuente para la que corre el agua de fuera por caños y fue hecha según arte, cuya agua vuelve a tomar dirección para fuera desde el pilón en que cae por acueducto oculto, y de ella usan con frecuencia los rústicos, siendo preciso por lo mismo abrir muchas veces al día la puerta de la iglesia para tomarla, y al tiempo suelen llevar cada uno su donativo, aunque están persuadidos tiene más virtud la agua cogida al tiempo de la misa, y acaso mayor entre la elevación de la hostia y cáliz.<sup>10</sup>

9 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (en diante A. H. D. S.). Fondo parroquial de Santo Amedio de Amil.

10 Íd. Fondo parroquial de San Vicenzo de Augas Santas.

Similar caso ao que temos na ermida e fonte de Nosa Señora de Gundían ou ao da ermida de Santa Comba das Pías (de novo outra parroquia con hidrónimo), fundada en 1679 polo reitor

donde había una cruz de piedra y más abajo una fuente, que todo tenía advocación de Santa Comba [...] en donde ocurría muy gran ayuntamiento de personas, fieles cristianos hombres y mujeres, clérigos de todos estados desde más de cinco leguas de comarca con grande devoción y hacer allí romería de muchas personas, se hallaban aliviadas de algunas enfermedades de brazos y otros miembros, cosa tan antigua que ninguno ahora vivo acordaba su principio ni haber oído a qué otros le acordasen.<sup>11</sup>

## **Fundación da capela e testamento de Bertomeu Reimóndez**

Malia que os *entusiastas arqueólogos* afirmaban non coñecer nada do fundador da capela, intuían con tino que debía ser fidalgo con posesiós no lugar:

su escudo heráldico consta de un dragón marrón en campo de gules. Se conserva en San Miguel de Castro el escudo de esta familia procedente de la casa solar de Castrotión [...]. Curiosamente estas tierras nunca pertenecieron a los dominios del Pazo de Oca, que en los tiempos de la fundación de la capellanía consistía en una simple torre defensiva, lejos aún de la magnificencia que había de adquirir en el siglo XVIII.

A heráldica sitúanos xa no eido da familia Reimóndez.  
Refire tamén Fernández Castro como

la capilla quedó definitivamente abandonada al culto hacia 1910 y en 1940, cuando sólo quedaba de ella la estructura pétreas, fue demolida por considerarse un peligro para los niños que asistían a la escuela próxima, y sus piedras aprovechadas como material de construcción. De esta destrucción pudo salvarse la imagen de la Virgen [...]; tenemos noticias de otras dos imágenes aunque ignoramos su paradero [...]. En el año de 1942 fueron abiertas las sepulturas, sin duda en busca un hipotético tesoro [...]. En el ábside de la capilla y en el lugar que ocupaba el altar se encontraban las tumbas del fundador y su esposa. Los dos nichos, construidos en mampostería, estaban bajo el nivel del suelo y tenían una pared medianera común. Sobre sus paredes descansaban las lápidas. Curiosamente, esta referencia nos la proporcionó una de las personas que habían participado en la apertura de las tumbas; en el momento de nuestra excavación no se conservaba esta estructura.<sup>12</sup>

11 Íd. Fondo do Provisorato. U. i. PR59101.

12 Fernández Castro, J. A. Op. cit.

Como veremos de seguido, a localización dunha copia do testamento do fundador, Bertomeu Reimóndez Figueiroa, datado en 1579 (vid. anexo), clarexa dúbidas sobre a cronoloxía do edificio e mesmo desperta a curiosidade no tocante a aspectos da vida deste veciño da Oca de hai case cinco séculos.

A ermida estivo adicada á Virxe María baixo a advocación de Nosa Señora da Anunciación; o cardeal del Hoyo, nas súas memorias de comenzaos do XVII, menciónaa como ermida de *Nuestra Señora de Quiñones o de Castro*;<sup>13</sup> e no fondo parroquial de Oca gárdanse as visitas pastorais periódicas das que foi obxecto. Por elas sabemos que tivo a súa xénese na escritura outorgada o 13 de xuño de 1574 por Bertomeu Reimóndez Figueiroa e Castro mediante a que fundou

vínculo y Mayorazgo regular de todos sus bienes y rentas, según las Leyes de España, en favor de una capilla de advocación de Nuestra Señora de la Anunciación de Quiñones, inclusa a sus expensas en términos de la enunciada Parroquia, de cuerpo entero, sus dos colaterales, atrio, campana, lámpara, rejado separando el coro, con todos los más ornamentos [...], nombrando por Patrono de ella a su hijo San Juan Reimóndez y sus descendientes [...]; cuya conservación y custodia dejó a cargo de dichos Patrones.

Escritura refrendada polo seu testamento de 1597.

A fundación de vínculos e morgados foi figura de grande importancia no Antigo Réxime ao servizo das clases privilexiadas: veláis os 32 morgados que acumulaba a Casa de Alba. Deberíamos remontarnos ao ano 1972 cando o profesor Eiras Roel categorizaba a fidalguía de Galicia como intermediaria aproveitándose do réximen subforal.<sup>14</sup> Anos despois os tamén profesores da USC C. Fernández Cortizo e V. M. Migués Rodríguez apuntaron á orixe da primeira xeración da fidalguía na Galicia dos séculos XVI e XVII nos seus traballos; fidalguía que, malia o seu cativo peso demográfico, foi transcendental na historia da época moderna. Logo, a condición clerical, administrativa e fidalga de moi gran parte dos fundadores de capelanías, ermidas e obras pías foi un lugar común.<sup>15</sup> Mais, realmente que motivaba a

<sup>13</sup> Hoyo, Jerónimo del. *Memorias del Arzobispado de Santiago*. Santiago de Compostela: Porto Editores, 1971.

<sup>14</sup> Eiras Roel, A. «Régimen subforal e hidalgía intermediaria»: prólogo ao libro de Quintáns Vázquez, C. *El dominio de San Martín Pinario ante la Desamortización*. Santiago de Compostela, 1972. Páxs. 10-12

<sup>15</sup> Camilo Fernández Cortizo, C. «Púlpitos y escribanías: los orígenes de los linajes hidalgos en la Tierra de Montes (siglos XVI-XVIII)». En *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*.

creación deste tipo de institucións por parte dos sectores privilexiados?

Aínda que os científicos adoitan atribuír os acontecementos históricos a factores demográficos e económicos –en consonancia co que marcaba a primeira escola materialista–, no caso da historia moderna non se poden obviar factores inmateriais como a cultura ou a ideoloxía: e é que a inmensa maioría das redes de cooperación humanas sempre se organizaron para a opresión e a explotación, con normas sociais sustentadas na fe e en mitos compartidos que posibilitan a cooperación efectiva.<sup>16</sup>

Así, en conformidade cos postulados do Concilio de Trento, desde o século XVI esixíronse mudanzas nos espazos destinados ao culto: nas visitas pastorais pedíase que os templos deixasen de funcionar como almacéns, que se esmerase a limpeza, que contasen con sancristías axeitadas, etc. Porque o idóneo era que se transformasen en lugares *donde los fieles debían estar como pasmados emulando el silencio y modestia de los Ángeles; que son también ministros de los Sacerdotes*, en palabras do eclesiástico da época Bermúdez de Pedraza. Eran a morada de Deus, un escenario celeste no que se desenvolvía a liturxia e no que unha recreación do cosmos envolvía ao representante de Deus na terra. De aí que o interior das igrexas barrocas intente levar a unha saturación visual, a colmar de emocións e a abrumar os sentidos dos fieis, deixándoos absortos e incluso impedíndolles valorar a fe e a relixión desde postulados acordes cun pensamento de tipo racional.<sup>17</sup> En palabras de A. Hauser

todo el arte barroco está lleno de ese estremecimiento, del eco de los espacios infinitos y de la correlación de todo el ser. La obra de arte pasa a ser, en su totalidad, como organismo unitario y vivificado en todas sus partes, símbolo del Universo. Cada una de estas partes apunta, como los cuerpos celestes, a una relación infinita ininterrumpida, cada una contiene la ley del todo, en cada una opera la misma fuerza, el mismo espíritu. Las bruscas diagonales, los escorzos de

Tomo I. Páxs. 235-254. E Migués Rodríguez, V. M. «Una visión en panorámica de la hidalguía gallega», en *Obradoiro de Historia Moderna*, 9 (2000). Pax. 307.

16 Harari, Y. N. *Sapiens. De animales a dioses. Breve historia de la humanidad*. Debate, 2014. Páx. 124 e ss.

17 Vigo Trasancos, A. «La imagen del templo barroco: tradición y renovación». En *Las religiones en la historia de Galicia*. Marco V. García Quintela (ed.), Universidade de Santiago de Compostela, 1996. Páx. 452.

momentánea perspectiva, los efectos de luz forzados, todo expresa un impulso potentísimo e incontenible hacia lo ilimitado.<sup>18</sup>

Así foi, por exemplo, coma o coro das igrexas pasou a ser un espazo privilexiado mesmo para os enterramentos, substituíndo a outros lugares preferidos con anterioridade. Ou como xurdiron con pulo certas devocións ao longo dos séculos XVII e XVIII: a do santo Anxo da Garda, san Miguel ou a das ánimas do purgatorio polo seu papel no tránsito da agonía, o xuízo posterior, etc. Porque a Igrexa postridentina seguirá facendo fincapé na importancia da morte e no destino final da alma.<sup>19</sup> O concilio de Trento apuntalou a existencia do purgatorio como paso previo ao Paraíso e respaldou o valor da eucaristía, das plegarias polos defuntos e das misas como instrumento de salvación.<sup>20</sup> Misas fundacionais que se establecían mediante testamentos e que debían celebrarse en altares determinados e/ou privilexiados: outros lugares de culto xurdidos ao amparo de Trento.

Neste crescendo de importancia barroca da apariencia, a pompa e o boato do culto encadramos a erección de capelas, capelanías e ermida polas clases privilexiadas que podían permitirse custear uns lugares de enterramento e de sufraxio para os corpos e as almas deles e dos seus devanceiros más exclusivos que os do resto dos veciños. Empregando as palabras de Ph. Ariès *la tumba es también un templo, un lugar consagrado donde se puede celebrar la liturgia: más tarde se llamará capilla.*<sup>21</sup> Tamén afirma o mesmo autor que

semejantes sepulturas familiares debieron estar con frecuencia en el origen de las parroquias rurales. El señor mantenía en su villa un capellán, y el oratorio donde éste celebraba también podía ser la memoria del señor [...]. Estas capi-

18 Hauser, A. *Historia social de la literatura y el arte*. Vol. VII. Barcelona: Labor 1994. Páx. 330.

19 González Lopo, Domingo. *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2002, páxs. 212 e ss. Incide este autor en que o modelo de vida e morte que a Igrexa patrocinou e impuxo desde finais do século XVI causou á larga o efecto contrario ao que se pretendía: «tanta insistencia sobre la muerte y las penas de ultratumba –descritas con refinamiento masoquista–, así como los medios truculentos que se empleaban para tratar de imponer su aceptación, actuó con el tiempo como un revulsivo, al conseguir una saturación de los sentidos y del entendimiento».

20 Domingo González Lopo. Op. cit., analiza a tendencia alcista destes sufraxios dispostos nas escrituras de testamento desde os séculos XVI e XVII até mediado o XVIII e as causas do seu descenso, que achaca ao descrédito xenerado polo seu elevado número e o seu incumprimento reiterado, páxs. 493 e ss.

21 Ariès, Ph. *El hombre ante la muerte*. Taurus Ed., 1987, páx. 41.

llas funerarias no siempre se convirtieron en iglesias parroquiales, pero siempre fueron objeto de culto: en ellas se celebraba la misa sobre las santas reliquias allí depositadas.

Xurdiron desta forma capelas asociadas a pazos e casas fidalgas, nas que as misas eran celebradas mesmo por membros da familia orientados á carreira eclesiástica e que podían disfrutar dos bens vencellados a ela a perpetuidade, asegurándose así a grandeza da liñaxe a ollos do resto do pobo xuntamente ca permanencia futura do culto a prol da Casa e exencións fiscais e tributarias para eses bens: pasaron de establecer capelas nas igrexas a construir ermida exentas cos seus propios lugares de enterramento e con misas fundadas nun lugar privilexiado, engadindo un santo titular e o dereito a sepultarse en lugar preeminente.

Temos exemplos abondo contemporáneos á fundación da que hoxe nos ocupamos: en San Pedro de Armentón Gonzalo Barba Figueiroa, señor do Couto de Mirón, mediante o seu testamento de 25 de febrero de 1540 mandou sepultar o seu corpo na igrexa da parroquia, xunto ao do seu pai; e dispuxo asemade *que delante de mi sepultura en la dicha Iglesia de San Pedro de Armentón, hagan una capilla, a bien vista [...], en la cual se digan las misas que mi tía Aldonza Gómez [de Figueiroa] mandó decir en día de Sancti Spiritus, y pongan allí la imagen de Señor Sancti Spiritus, y la de Señor San Roque.* Asimesmo Alesandro de Coiro Figueiroa, Señor del Coto de Mirón y Anzobre, *Maestresala del lexítimo Señor Marqués de Sarria, embajador de S. M. a la corte Romana, que murió en el estado de celibato, por su testamento otorgado en Roma a 27 de julio de 1555 deixou por herdeiro a seu irmán Gómez Suárez de Figueiroa, que testa en 1604 e dispón tamén ser enterrado na mesma capela do Espírito Santo na que se lle había de dicir una misa cada semana.*<sup>22</sup>

A intención desta caste de capelanías familiares reflíctese a cotío nas cláusulas dos testamentos e/ou escrituras fundacionais; velaí a da establecida para que fose encargado dela o seu sobriño por Bernabeu Santamarta e Ana Igrexa na colexiata de Santiago de Cangas en 1761, *expresando que siempre ha sido y es su voluntad determinada,*

22 A. H. D. S. Fondo parroquial de San Pedro de Armentón e fondo do Provisorato PR51207. Desa capela foi posteriormente padroeoiro don Francisco Figueiroa, cónego mestrescola da catedral de Santiago; e xa no XVIII o rexedor compostelán don Bernardino Cisneros.

*para que quede perpetua memoria y que sus ánimas haiga quien ruegue a Dios por ellas [sic], tengan alivio y las de sus mayores y más del Purgatorio.<sup>23</sup>*

En San Martiño de Moaña estaba a capela de San Bernardino, fundación de Alfonso González Moaña dentro da parroquial, afecta ao vínculo e morgado fundado en 1476 mediante un testamento que garda moitas semellanzas co de Bertomeu Reimóndez:

jacendo doente de dolor e enfermidade qual Deus tivo por ben de me dar e con todo meu siso e entendemento [...] mando que as miñas carnes pecadoras sexan enterradas na igrexa de San Martiño de Moaña ante a capela de San Bernardino [...]. Ytem mando que digan cada un ano doce misas na capela de San Bernardino a honra dos doce Apóstoles [...] e mando que cando as dixeren cada ano que den de comer a doce pobres [...]. Ytem mando que meus bens que quedaren a tempo do meu finamento que nunca sexan partidos e que sexan suxetos á capela de San Bernardino porque se digan estas doce misas e den de comer a estes doce pobres e que non podan ser partidos nin vendidos.

A sorte desta capela foi similar á de Castrotión, xa que por terse reedificado a igrexa de Moaña y haberse ocupado el sitio que contenía la capilla de San Bernardino, desapareceu.<sup>24</sup>

En Santa Baia de Pontecaldelas o reitor que foi da parroquia desde 1594, don Silvestre Portela, fundou dentro da igrexa parroquial a capelanía de Nosa Señora da Consolación. Logo do seu pasamento en 1633

fue sepultado su cadáver en el local de la [...] capilla advocación de Nuestra Señora de la Consolación. Andando el tiempo fueron sepultados también en el mismo local los patronos y muchos parientes del fundador.

Un dos casos más claros deste vencello entre o lugar de repouso eterno dos devanceiros e a erección de capelas familiares establecendo unha dotación perpetua para o seu sostemento témolo en San Xoán de Vilamourel ca capelanía de Santa Helena, instituída na igrexa parroquial en 1679 polo reitor de San Salvador de Cervaña e San Miguel de Lamela bacharel don Antón Lago Chantreiro mediante escritura de vínculo e morgado: refírese que en orixe fora fundada como *altar con sepulcros* e despois *elevada a capelanía* no altar de Santa Helena. Fora o bisavó do fundador, Ares Pardo de

23 *íd. Fondo do Provisorato PR57708.*

24 *íd. Fondo parroquial de San Martiño de Moaña.*

Cela, morto en 1539 e padroeiros do beneficio o que erexira a capela na igrexa, co escudo de armas dos Pardo de Cela. O bacharel don Antón Lago fundara o que

parece ser un vínculo que ha de pasar y le han de gozar sus parientes y sucesores [...], y sobre dicho vínculo funda dos capellanías que se hayan de servir por dos capellanes clérigos presbíteros [...]. Y las referidas capellanías se hayan de servir la una con el título de San Sebastián en la iglesia parroquial de San Vicente de Caamouco y la otra en el altar de Santa Helena de la iglesia de esta feligresía.<sup>25</sup>

Todos os bens aproveitados deste xeito a modo de vínculo e morgado para unha capelanía quedaban exentos de tributación ordinaria no Antigo Réxime e amortizados fóra do circuito comercial, engrandecendo a cotío os patrimonios dunha minoría de privilexiados que se aproveitaban desta figura legal; malia que a xustificación deste comportamento, como expresa o abade de San Paio de Moscoso don Estevo Aríns na fundación en 1663 do morgado que daría orixe á Casa de Santiago de Vigo, era que *quedando juntos y enteros dichos bienes permanece la memoria así para el servicio de Dios a quien van dedicadas dichas obras más como para los descendientes de dicha Casa.*<sup>26</sup>

Outro dos motivos para efectuar fundacións deste tipo, além das espirituais ou propriamente pías, adoitaba ser o prestixio que proporcionaba aos membros da familia: velaí como o manifestaba o párroco de San Miguel de Deiro, anotando no libro da fábrica parroquial, na marxe da visita de 1684 sobre a ermida de San Roque: *los que dicen ser Patronos de esta ermita sólo lo quieren ser por su vanidad y no por provecho de que esté con la decencia que se requiere.* Comportamento que provocou, uns anos despois, o mandato de que

se borren y tilden el rótulo que se halla en la circunferencia del arco de la puerta de dicha ermita y deshagan la tarjeta o escudo que se halla esculpida y grabada en la puerta del tablado de la referida ermita por ser uno y otro impropio de derecho que pertenezca al que lo puso con dolo y malicia de oscurecer y aniquilar el derecho claro que pertenece [a] dicha iglesia parroquial de la referida ermita.<sup>27</sup>

25 Íd. Fondo parroquial de San Xoán de Vilamourel.

26 Íd. Fondo do Provisorato PR106300.

27 Íd. Fondo parroquial de San Miguel de Deiro.

Na propia parroquia de Oca existían outras fundacións contemporáneas á de Bertomeu Reimóndez con similares obxectivos: a capela de Santo Alberte, establecida no interior da igrexa e altar colateral do lado da epístola en 1592 por Pedro Sanmartiño Abelao: «se le hiciese una capilla en el altar colateral de advocación de Santo Alberte y que le diesen una sepultura y deja un ferrado de centeno de renta y que le digan dos misas cada año y que el altar se haga a su costa». E a máis coñecida e fastuosa capela de Santo Antón de Padua, xunto ás Casas de Oca (o actual pazo), fundada por dona María Neira:

en el año de mil quinientos y sesenta y siete doña María de Neira fundó en el lugar de Oca de Abajo donde al presente vivía una capilla del advocación del glorioso San Antonio de Padua y para su perpetua memoria y reparos dotola en doce ferrados de centeno que pagan en cada un año los herederos que han fincado de Bartolomé da Silva por las heredades que traen de dicha capilla en el puerto de Castro Caneiro, de los cuales los seis son para la fábrica de la capilla y los otros seis se deben pagar a los abades que es o fueren del beneficio de San Esteban de Oca [...] con condición que hayan de decir en cada un año de siempre jamás cuatro misas rezadas.<sup>28</sup>

Voltando á ermida de Castrotián, no 1825 a imaxe e o retablo dela foron trasladados polo padroeiro Xoán Neira Infanzón á súa vivenda, posto que nesas mesmas datas expón en varias ocasións ao arcebispo de Santiago o mal estado no que se atopaba a ermida, malia que os fabriqueiros da parroquia levaban 242 anos percibindo as rendas dela (que importaban 16105 reais), *cantidad suficiente para tenerla en otra mejor planta, pero ni aun la conservaron en su primera*; así, facía vinte anos que non se celebraban nela *las misas que dicho fundador y mas agregantes, que están sepultados en ella dejaron dispuesto se dijese anualmente*.<sup>29</sup> En 1903 atopábase por completo arruinada e privada de culto. Convén mencionar que a decadencia deste tipo de fundacións chegou ao seu céñit ca lexislación desamortizadora e a fiscalidade imposta polos estados liberais no século XIX: a maior parte dos bens de capelanías e obras pías foron alleados en 1807 e nos anos posteriores por reiteradas disposicións do Goberno. Ás que hai que engadir a fragmentación ou perda dos bens dotaís co

28 *íd. Fondo parroquial de Santo Estevo de Oca.*

29 *A. H. D. S. Fondo Xeral. U. i. 387 A.*



Capela de Santo Antón Abade desde o xardín do pazo de Oca.

paso dos anos e o desleixo dos padroeiros, que carecían das posibilidades e do interese dos fundadores seus devanceiros no sostemento da ermida e pagamento das misas.

Agora, paciente lector, é o momento de coñecer as derradeiras vontades do fundador da capela de Castrotián, Bertomeu Reimóndez, mediante a exposición do seu testamento. Traballamos cunha copia de comenzaños do XVII, unhas décadas posterior ao orixinal –hoxe perdido– e que chegou o seu descendente Antón Reimóndez a requerimento do arcebispo por mor dun preito. O documento comenza ca omnipresente invocación a Deus e a declaración de fe inherentes a todo testamento da época:

In Dei nomine amén [...] creyendo como creo en la Santísima Trinidad, Padre, Hijo y Espíritu Santo, tres personas y un solo Dios verdadero y en todo aquello que cree, tiene y gobierna y manda la Santa Madre Iglesia Católica y Apostólica Romana, y porque después de mis días mis bienes de fortuna queden bien ordenados al servicio de Dios Nuestro Señor y mi ánima vaya descargada para el cielo.

Pasa a continuación a dispoñer o seu enterramento nun lugar concreto da ermida por el fundada e cunha lápida que se correspondería ca atopada na escavación:

que mis carnes pecadoras sean sepultadas dentro del arco de la ermita de Santa María de Castrotión que yo hice y sobre de mi sepultura pongan una piedra labrada sobre la cual pongan mi nombre y cómo la hice y fundé a mi costa.

Entre as mandas pías cómpre destacar as efectuadas ao Santísimo da parroquial de Oca e ao das veciñas igrexas de San Xiao de Arnois e Santa María de Loimil; e á obra de *Nuestra Señora de Gundíán porque sea mi abogada*: sen dúbida devocións das que participou en vida Bertomeu Reimóndez.

E, por suposto, a erección da ermida:

Yten digo que por quanto yo hice y edifiqué en mi propio territorio y a mi costa y mención la capilla y ermita de Santa María de Castrotión y en ella puse las imágenes de Nuestra Señora y San Juan Bautista y San Bartolomé y otras imágenes y las hice sagrar por mano del señor obispo y en el altar mayor se pusiesen y están unas reliquias de Santa María y mi intención fue y es de unir e incorporar a ella y poner en un cuerpo y masa todos mis bienes raíces [...].

Resulta prolixa a descripción da masa de bens (vid. anexo), aínda que manifesta a importancia da facenda que posuía, posto que a maiores da *Casa de Quiñones en que yo vivo y moro que yo y San Juan Reimóndez habemos hecho, con su viña y arboleada [...] con el palomar que está cabo de ella [...]*; y los árboles que van en la regueira que yo planté en la aldea de Castrotión, cítanse varios lugares que posuía e labraban colonos nas parroquias de Oca, Castro, Riobó, Berres, Loimil e Ponte Ulla: o lugar de Moimenta, o de Outeiro da Abelleira, o de Vendexa, o dos Golmados, parte do muíño dos Besteiro...

con sus casas, heredades, montes, cortiñas, heredades labradías y montesías, soutos, dehesas y sus presas de regar y los más a ellos anexo y perteneciente, los cuales todos ellos y cada uno de ellos uno e incorporo y pongo en una masa y cuerpo y he por dotados a la dicha ermita y capilla para en todo tiempo de siempre jamás.

Até aquí o divino... . Mais, pasando ao mundano, revelan estas súas últimas vontades unha existencia algo turbulenta ou –cando menos– complexa, comenzando pola súa esposa:

Yten digo que por quanto soy casado con María Corda y le tengo en mi poder [...] y [...] por quanto la dicha María Corda al presente anda preñada, si el parto que pariese, viniere y alumbré siendo hembra mando y encargo a San Juan Reimóndez escribano mi pariente la crie y alimente y sustente y siendo de edad

la case con persona honrada conforme a su calidad [...], y si fuere varón lo crie y enseñe a leer y escribir de suerte que si quisiese ser clérigo o escribano lo pueda ser y para el tal oficio le dé cuarenta ducados para que lo pueda alcanzar, lo cual le encargo lo haga so pena de mi bendición y maldición; con que mando que el tal hijo o hija que la dicha María Corda pariere no pueda llevar ni lleve de mis bienes muebles ni raíces otra cosa alguna, porque con lo susodicho lo aparto de todo ello.

Xorde asemade a figura de San Xoán Reimóndez, escribán e parente de Bertomeu e que algúns documentos moi posteriores (e mesmo algún descendente) consideran seu fillo. Non deixa de resultar curioso que no testamento nas ocasións que se refire a el o considere únicamente *parente*, mais non fillo, nin sequera espúreo; malia que resulta obvia a cercanía de ambas as figuras: ben pola construcción que ambos efectuaron da casa de Castrotión como polo seu papel de albacea privilexiado na herdanza. Entrariamos aquí no eido da elevada taxa de ilexitimidade propia do chamado Antigo Réximen, no que abondaban casos de fillos fóra do matrimonio; velaí cláusulas como as que aluden á crianza de varios menores:

Yten digo que yo crio a Bartolomé de Castro y por causas que a ello me mueven mando que el dicho San Juan Reimóndez escribano a costa de usufructo de mis bienes le crie y alimente y enseñe a leer y escribir hasta que sea para tomar oficio de escribano o clérigo; y tomando el clérigo le sustente en el estudio hasta que sea de veinticinco años lo que haga pena de mi bendición y maldición.

E outras más que serían indiciarias dunha existencia un tanto escura na que paternidade e maternidade eran conceptos difíciles de responsabilizar:

Yten digo que por quanto yo crié a Mariña Carballa de niña y dicen ser mi hija [...] le mando para siempre el mi lugar de Riomao en que vive Fernán de Riomao sito en Santa María de Loimil con el cual le aparto de todos mis bienes muebles y raíces [...]. Yten digo que fue voz y fama que yo he sido casado con María Touceda la que jamás con ella traté palabra de casamiento alguna y digo que María Carballa ni Catalina su hermana no son mis hijas ni por tales las tengo, la una es hija de Pedro do Campo y la otra de Álvaro da Esquira y ansí lo declaro por descargar mi conciencia.

Mestúranse pois o mundano e o divino arredor de Castrotión e da ermida que rematou por cristianizar o enclave. Os mortos deberon xogar un destacado papel na cultura megalítica do Bronce; poida

que mediante a súa transformación en antepasados con capacidade de actuar sobre os vivos. Do mesmo xeito que os cristiáns católicos postreditinos consideraban a intercesión de determinados santos como eixo da boa morte e da salvación das ánimas; tanto os chamáns tribais coma os psicoterapeutas modernos respondan ás mesmas necesidades e practican, ao cabo, o mesmo oficio.

Así, tamén desde un enfoque antropolóxico e tendo presente que o territorio é unha interiorización do espazo organizada polo pensamento, podemos intuír notorias coincidencias funcionais entre o círculo lítico e a ermida: o carácter funerario do lugar –presuntamente e en tanto non se descarte ca escavación completa do recinto roda– que transcende o tempo, desde unha das primeiras arquitecturas monumentais do occidente europeo até a capela do século XVI; un obvio esforzo social a prol dos defuntos e/ou da comunidade agraria. Castrotión seguío a ser un lugar no que se celebraban asembleas periódicas comunitarias, revitalizando os lazos de identidade da comunidade de fieis ou asistentes mediante o poder e prestixio que outorga a arquitectura (o monumento) á minoría que a promove. En resumidas contas, amósase como un lugar no que agromaron, desde a Idade do Bronce até a actualidade, comportamentos e manifestacións arqueolóxicas e culturais que marcaron unha paisaxe creadora de recordos.

Considerando que os recintos roda son xacementos de especial relevancia e interese no eido da investigación arqueolóxica e antropolóxica, sería produtivo afondar en novos traballos de campo que nos fornecesen de datos más precisos sobre as sociedades que os ergueron; e o xacemento de Castrotión, no seu conxunto, non merecería esmorecer como un anaco de lixo na escombreira da Historia.

## Anexo

«Testamento de Sanjuán Reimóndez [hijo] de Bartolomé Reimóndez. En la feligresía de San Esteban de Oca a cinco días del mes de marzo de mil y seiscientos y sesenta y tres años ante mi Juan de Mareque notario apostólico y de su merced el doctor Domingo Valdés canónigo lectoral de la Santa Iglesia del Señor Santiago y visitador general de este Arzobispado, pareció presente Antonio Reimóndez de Figueiroa vecino de la dicha feligresía de Oca, patrón de la capilla de Nuestra Señora de Quiñones que fundó Bartolomé Reimóndez de Figueiroa sita en esta dicha feligresía; e dixo que por quanto su merced y los más señores visitadores en las visitas que hicieron de dicha capilla han mandado por diversas veces que se fijase y pusiese un tanto de la fundación de ella en este libro de la fábrica para que supiese[n] las obligaciones y misas que tenía, para cumplirlo el sobredicho. Y lo mismo porque su merced y otros dos señores visitadores en las visitas que habían hecho en dicha capilla también habían mandado que el dicho Antonio Reimóndez dijese una misa semanaria en dicha capilla cada semana sin que conste de instrumento ninguno, ni menos de la dicha fundación, sino que su merced el doctor don Gonzalo Yanes de Rozas visitador general de esta Arzobispado, en el año de mil y seiscientos y cuarenta en la visita que hizo en dicha capilla mandó que el patrón que era de dicha capilla dijese dicha misa semanaria sin más justificación de papeles ni otra cosa [...]. Y así el dicho Antonio Reimóndez, obedeciendo dichos autos exhibió delante [de] mi notario y de su merced dicho señor visitador el testamento del dicho Bartolomé Reimóndez de Figueiroa fundador y dotador de dicha capilla y del vínculo que está a ella anexo para [que] se ponga en este libro de la fábrica dicho traslado y pues no consta de él haber dicha misa semanaria le haya su merced por relevado y le absuelva de las censuras [...], el cual dicho testamento parece haber pasado [...] en el año de mil y quinientos y noventa y siete años, que su tenor es como se sigue:

In Dei nomine amén, sepan cuantos esta carta de manda y testamento, última y postrimera voluntad vieren como yo Bartolomé Reimóndez de Figueiroa, vecino de la ciudad de Santiago residente en la feligresía de San Esteban de Oca, yaciendo como yazgo en cama y enfermo de enfermedad natural tal cual Dios nuestro Señor tuvo por bien de me dar, recelándome como me recelo de la hora de la muerte, que es común a toda criatura viviente en este mundo, creyendo como creo en la Santísima Trinidad, Padre, Hijo y Espíritu Santo, tres personas y un solo Dios verdadero y en todo aquello que cree, tiene y gobierna y manda la Santa Madre Iglesia Católica y Apostólica Romana, y porque después de mis días mis bienes de fortuna queden bien ordenados al servicio de Dios Nuestro Señor y mi ánima vaya descargada para el cielo, hago y ordeno mi manda y testamento y postrimera voluntad en la forma y manera siguiente:

Primeramente, mando mi ánima a Dios Nuestro Señor que la compró y redimió en el árbol de la Vera Cruz y por ella y por todo el género salvar y pido y suplico por merced a la Virgen Santa María, madre de Nuestro Señor Jesucristo a quien tomo por abogada, quiera rogar e interceder por ella a Dios Nuestro Señor Jesucristo le quiera perdonar sus culpas y pecados y haber de ella piedad

y misericordia y lo mismo pidió por merced al Bienaventurado San Miguel Arcángel la quiera acompañar y quitarla de la visión espantable del demonio hasta colocarla en la Corte Celestial; y lo mismo pidió por merced a todos los Santos y Santas de la Corte Celestial [...]. Y que cuando Dios Nuestro Señor fuere servido de me llevar de esta presente vida que mis carnes pecadoras sean sepultadas dentro del arco de la ermita de Santa María de Castrotión que yo hice y sobre de mi sepultura pongan una piedra labrada sobre la cual pongan mi nombre y cómo la hice y fundé a mi costa [...]. Y mando que luego como me falleciere se me digan en la capilla de las Ánimas del Señor Santiago cuatro misas rezadas y más en cada un aniversario de siempre jamás otras dos misas de requiem por mi ánima [...]. Yten mando a la lumbre del Santísimo Sacramento de Oca y de San Xiao de Arnois y a la de Loimil, a cada dos reales por una vez pagos. Y otros dos reales a la obra de Nuestra Señora de Gundíán porque sea mi abogada [...]. Yten digo que por cuanto soy casado con María Corda y le tengo en mi poder y por ser doncella y le mando cuatro vacas de las que tengo y dos uchas que están junto a las arcas que están en el sótano de la casa en que vivo y más la arca que en él está sin cubierta y la cama de ropa que tengo en Santiago, lo cual le mando para siempre con que de mis bienes no pueda llevar ni lleve otra cosa por dote ni gananciales ni otra cosa alguna y más dos cargas de pan cada un año en tanto que no se casare. Yten digo que por cuanto yo crié a Mariña Carballa de niña y dicen ser mi hija [...] le mando para siempre el mi lugar de Riomao en que vive Fernán de Riomao sito en Santa María de Loimil con el cual le aparto de todos mis bienes muebles y raíces, que más no pueda llevar ni heredar de ellos cosa ni parte [...] porque confieso no ser mi hija ni le tengo por tal, y esto con que ella ni su marido ni sus herederos sucesores lo puedan vender, dar ni donar ni trocar ni aforar [...]. Yten digo que por cuanto la dicha María Corda al presente anda preñada, si el parto que pariese, viniere y alumbre siendo hembra mando y encargo a San Juan Reimómez escribano mi pariente la crie y alimente y sustente y siendo de edad la case con persona honrada conforme a su calidad [...], y si fuere varón lo crie y enseñe a leer y escribir de suerte que si quisiese ser clérigo o escribano lo pueda ser y para el tal oficio le dé cuarenta ducados para que lo pueda alcanzar, lo cual le encargo lo haga so pena de mi bendición y maldición; con que mando que el tal hijo o hija que la dicha María Corda pariere no pueda llevar ni lleve de mis bienes muebles ni raíces otra cosa alguna, porque con lo susodicho lo aparto de todo ello. Yten digo que yo crio a Bartolomé de Castro y por causas que a ello me mueven mando que el dicho San Juan Reimóndez escribano a costa de usufructo de mis bienes le crie y alimente y enseñe a leer y escribir hasta que sea para tomar oficio de escribano o clérigo; y tomando el clérigo le sustente en el estudio hasta que sea de veinticinco años lo que haga pena de mi bendición y maldición [...]. Yten digo que por cuanto yo hice y edifiqué en mi propio territorio y a mi costa y mención la capilla y ermita de Santa María de Castrotión y en ella puse las imágenes de Nuestra Señora y San Juan Bautista y San Bartolomé y otras imágenes y las hice sagrar por mano del señor obispo y en el altar mayor se pusiesen y están unas reliquias de Santa María y mi intención fue y es de unir e incorporar a ella y poner en un cuerpo y masa todos mis bienes raíces y que anden siempre juntos

en una persona de mi generación, sin se partir ni dividir [...] uno e incorpo y pongo en un cuerpo y masa los bienes y cosas siguientes: la Casa de Quiñones en que yo vivo y moro que yo y San Juan Reimóndez habemos hecho, con su viña y arboleda [...] con el palomar que está cabo de ella [...]; y los árboles que van en la regueira que yo planté en la aldea de Castrotión; con más la parte del lugar de Castrotión que de mi trae Inés Sánchez y Juan de Villar; con más la parte de los lugares que trae Benito de Remesar y Juan Crego; con más el lugar en que solía vivir Juan de Castrotión [...]; con más la mi parte del molino dos Besteiro; con más los lugares do Outeiro da Abelleira que de mi trae Juan Martínez do Outeiro; con más el lugar de Moimenta que de mi trae Álvaro de Mareque y Alonso de Moimenta; y más la parte que me cabe de Vendexa y de Vilaboa y da Pena y Pardiñeiro y dos Golmados con todos los más bienes raíces que yo hago y tengo y me pertenecen en cualquier manera y por cualquier título según son sitos en San Esteban de Oca, San Xiao de Arnois, San Miguel de Castro, San Martiño de Riobó, San Vicenzo de Berres y Santa María Magdalena de la Puente de la Ulla y Santa María de Loimil [...] con sus casas, heredades, montes, cortiñas, heredades labradías y montesías, soutos, dehesas y sus presas de regar y los más a ellos anexo y perteneciente, los cuales todos ellos y cada uno de ellos uno e incorpo y pongo en una masa y cuerpo y he por dotados a la dicha ermita y capilla para en todo tiempo de siempre jamás, y desde luego nombro por Señor usufructuario de todos ellos a San Juan Reimóndez escribano mi pariente y al patrón que él en su vida nombrare [...] con que siempre el que haya de suceder sea de su generación, así varones como hembras [...] lo cual hago en las condiciones siguientes: que en ningún tiempo de siempre jamás no se puedan partir ni dividir, aforar ni empeñar ni segregar ni dar en dote ni arras ni obligar ni hipotecar a ninguna deuda ni vender ni traspasar los dichos bienes ni ninguna parte de ellos ni arrendar por más tiempo de nueve años. Yten digo que el dicho San Juan Reimóndez y los sucesores que hubieren de suceder en los dichos bienes sean buenos cristianos católicos y no herejes y que no cometan crimen de lessa maiestatis ni traición ni otro delito por donde se deban perder sus bienes [...]. Yten digo que fue voz y fama que yo he sido casado con María Touceda la que jamás con ella traté palabra de casamiento alguna y digo que María Carballa ni Catalina su hermana no son mis hijas ni por tales las tengo, la una es hija de Pedro do Campo y la otra de Álvaro da Esquipa y así lo declaro por descargar mi conciencia [...]. Y al parto que la dicha María Corda pariere, viniendo a agua de bautismo y muriéndose sin herederos hijos que la herencia que le cupiere se vuelva y torne y la haya y lleve el dicho San Juan Reimóndez [...] al cual Reimóndez le dejo por su tutor y curador [...]»

Redactado en 1597 na súa Casa de Quiñóns «y no lo firmo por no poder». <sup>30</sup>

30 A. H. D. S. Fondo parroquial de Santo Estevo de Oca.